

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 29 DE AGOSTO DE 2022

Ás 11:00 horas do día 29 de agosto de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 24 de agosto de 2022, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos  
D<sup>a</sup>. Luz María González Domínguez, xefa do Departamento de Alcaldía (asiste aos puntos 2 e 6)  
D. José Ángel Lago Filgueira, suplente do xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 8, 9a e 10a)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 9b e 10b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

Admitir neste procedemento a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 23:03	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA341-8258EF-494851-K3LY6K-UGVUMZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- a) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
1. LUCIMARCA, S.L.: deberá presentar un novo DEUC asinado dixitalmente coa parte III "Motivos de exclusión" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado non se respondeu á pregunta "Participación, directa o indirecta, en la preparación del presente procedimiento de contratación".
  2. PANADERÍA EL TRIGAL CELTA, S.L.: deberá presentar un novo DEUC asinado dixitalmente coa parte III "Motivos de exclusión" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado non se respondeu ás seguintes preguntas:
    - "Convenio con los acreedores"
    - "Las actividades empresariales han sido suspendidas"
    - "Participación, directa o indirecta, en la preparación del presente procedimiento de contratación"
    - "Rescisión anticipada, imposición de daños y perjuicios u otras sanciones comparables"

## 6.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)

Retírase da orde do día porque a mesa acordou no punto 2.a) conceder a dous licitadores prazo para emenda da documentación persoal.

## 8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 10 de agosto de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do 9 de agosto, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. LIMPEZAS CIES S.L.
2. GARBIALDI, S.A.
3. SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 23:03	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA341-8258EF-494851-K3LY6K-UGVUMZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Durante o prazo concedido os 3 licitadores presentaron documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 23 e 24 de agosto de 2022 o adxunto e o xefe do Servizo de Deportes emitiron informe sobre as xustificacións presentadas no que conclúen:

*"LIMPIEZAS CIES S.L. non se xustifica a oferta económica realizada por tanto, pódese chegar á conclusión de que non se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato.*

*GARBIALDI S.A. non se xustifica a oferta económica realizada por tanto, pódese chegar á conclusión de que non se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato.*

*SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE S.A. se xustifica a oferta económica realizada, por tanto, pódese chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato".*

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. LIMPIEZAS CIES, S.L.
2. GARBIALDI, S.A.

### **9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611)**

Entrégase o informe asinado polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes de data 23 e 24 de agosto de 2022 de valoración do sobre C "proposición evaluable mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe que corrixe o anterior de data 29 de agosto. A Mesa acepta, unanimidade, o segundo dos informes.

**b) Procedemento aberto para a contratación do mantemento de aparatos elevadores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (25.731-332)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 23:03	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA341-8258EF-494851-K3LY6K-UGVUMZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 24 de agosto de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

## 10.- Propostas de clasificación/clasificación

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe emitido polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes de data 23 e 24 de agosto de 2022:

1. LIMPIEZAS CIES, S.L.
2. GARBIALDI, S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A.	91.65
2	SAMYL FACILITY SERVICES, S.L.	84.97
3	SACYR FACILITIES, S.A.	75.95
4	EULEN, S.A.	63.07



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 23:03	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA341-8258EF-494851-K3LY6K-UGVUMZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A (A-27.843.192), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación do mantemento de aparatos elevadores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (25.731-332)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do mantemento de aparatos elevadores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (25.731-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Porcentaxe de redución do orzamento base de licitación previsto	Prezo
1	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	71,43 %	36.588,57 €
2	SCHINDLER, S.A.	70,14 %	38.240,63 €
3	ASCENSORES ENOR, S.L.	68,76 %	40.007,94 €
4	TK ELEVADORES ESPAÑA,S.L.	65,00 %	44.823,24 €
5	ORONA, S. COOP.	58,00 %	53.787,89 €
6	KONE ELEVADORES, S.A.	48,00 %	66.594,53 €

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GENERAL ELEVADORES XXI, S.L. (B-02.663.250), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 23:03	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA341-8258EF-494851-K3LY6K-UGVUMZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:04 horas, logo dun receso entre as 10:20 e as 12:10 horas para a corrección do informe técnico do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do expediente 4792-611 por parte do servizo.

De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 23:03	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA341-8258EF-494851-K3LY6K-UGVUMZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		